



## Que é Chibérica?

### Description

No ano 2023 as relacións diplomáticas entre España e a República Popular da China cumpriron 50 anos. Para a conmemoración de tan importante data, distintos axentes, institucionais, académicos ou económicos, realizaron actividades variadas ao longo de todo o ano, co obxectivo de promover o impulso destas relacións tan relevantes no mundo do 2023 e do futuro. A máis importante foi a viaxe de Pedro Sánchez a Beijing, onde foi recibido por Xi Jinping, o 30 de marzo do 2023.

Por detrás dos actos de conmemoración unha pregunta apareceu de maneira recorrente, que futuro, que expectativas para esta relación, no marco da agresividade crecente na sociedade internacional? Nese futuro cóntrase a reflexión colectiva que significa Chibérica, que aspira a promover a comprensión, as aspiracións e as potencialidades da relación entre a península ibérica e China. Cmpre anticipar antes de seguir, que ao longo do ano Chibérica converteuse nunha referencia bibliográfica de referencia para pensar este futuro...

Nesta misión Xulio Ríos (Fundador e Presidente de Honra do IGADI) e Jorge Tavares da Silva (Universidade de Coimbra) coordinaron un volume onde participou un variado equipo de especialistas, españois, portugueses e tamén chineses, como Luás Tomá, Inés Arco, Fernanda Ilhóu, Enrique Fanjul, Irene Rodrigues, Anna Ferrer, José Duarte de Jesús, Manel Ollá, Carmen Amado Mendes, Ferran Pérez Mena, Carlos Rodrigues, Andrés Herrera-Feligueras, Hou Xiaoying ou Luo Huiling.

Publicado na colección Asiateca da Editorial Popular, o libro organízase por capítulos, onde cada especialista afonda nun tema, divididos nos seguintes bloques: Política, Economía, Sociedade, Cultura, Política Exterior, Relacións bilaterais e a Perspectiva china desde a península ibérica. O conxunto coral achega un esforzo de reflexión en clave ibérica, combinando distintos enfoques desde as diversas autoras, que implica a dimensión académica, investigadora, diplomática, histórica ou económica, xerando un mosaico que deixa entrever as coincidencias e as discrepancias, así como a perspectiva dunha hipotética axenda conxunta China-Portugal-España. Os coordinadores do volume, Xulio Ríos e Jorge Tavares, abren e pechan o volume, cunha introdución e un epílogo respectivo que harmonizan o conxunto dos textos.

Agora que durante os últimos anos, especificamente desde a pandemia mais tamén coa inflación e o tope do gas, a resposta ibérica a algúns desafíos europeos gañou presenza na política e nos medios, o tema central de Chibérica amosa toda a súa potencia de presente e futuro. A veciñanza ibérica, con forte pegada na historia, do pasado á actualidade, recomendará un diálogo bilateral máis intenso para concretar unha folla de ruta no marco da Unión Europea, Latinoamérica e o mundo todo, que nos permita gañar en peso específico á hora de posicionarnos nun mundo cada vez máis pequeno e agresivo. Defender os nosos intereses, primeiramente desde posicións xeográficas, que primen a cooperación e deserten do conflito, onde nada hai a gañar no medio e longo prazo. Trátase de competir mellor nun mundo global, onde influír e gañar será máis factible desde posicións compartidas. Coidar das

interdependencias.

Nesa axenda compartida de España e Portugal coa China sempre hai que pensar en Galicia e en Macau como espazos de ponte e conexión que achegan un valor engadido extraordinario ao enfoque compartido. Se necesariamente precisamos enfoques proactivos, as ligazóns culturais e linguísticas agregan valor e reforzan calquera ollada de medio-longo prazo desde o inmediato. Se unha Chibérica conectada, cooperativa, é posible, temos todo a xogar nese partido.

O libro será moi valioso para calquera persoa con curiosidade na China ou para aqueles defensores dunha península ibérica máis unida política e institucionalmente, nun mundo onde o Estado-nación amosa tantas fortalezas como debilidades e onde a Unión Europea precisa de gañar peso exterior. Chibérica proporciona esa ollada compartida así como as claves que tocar para poder desenvolve-la. Un ano despois, o libro abriu un camiño que agora comeza a medrar...



9 - 10 - 11  
J U L H O  
2 0 2 4  
2 0 H - 2 1 H

**CHIBÉRICA** conferencias online

V I S Õ E S  
IBÉRICAS DA  
C H I N A  
CONTEMPORÂNEA

SESSÃO 1ª ECONOMIA TERÇA 9	SESSÃO 2ª POLÍTICA QUARTA 10	SESSÃO 3ª SOCIEDADE QUINTA 11
 <b>ENRIQUE FANJUL</b> Técnico Comercial e Economista do Estado. Sócio Fundador da Iberglobal. Membro do Conselho Consultivo do Real Instituto Elcano	 <b>FERNANDA ILHEU</b> Presidente da Associação Amigos da Nova Rota da Seda e investigadora do CSG do ISEG da Universidade de Lisboa	 <b>INÉS ARCO ESCRICHE</b> Investigadora do CIDOB-Geopolítica, especializada em Ásia Oriental e política chinesa
 <b>LUIS TOMÉ</b> Professor Catedrático e Diretor do Departamento de Relações Internacionais da Universidade Autónoma de Lisboa (UAL)	 <b>ANNA FERRER GIL</b> Historiadora especializada em história chinesa contemporânea	 <b>IRENE RODRIGUES</b> Professora e Investigadora do Instituto do Oriente e do Centro de Administração e Políticas Públicas do ISOSP -ULisboa

Organiza:   

Consultas, inscrições, acesso ZOOM em [info@igadi.gal](mailto:info@igadi.gal)

## Inscríbete nas Primeiras Xornadas Chibérica, 9, 10 e 11 de xullo do 2024

### APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Acción exterior de Galicia China e o mundo chinés

### ETIQUETAS

China Portugal Macau CHIBÉRICA

### INVESTIGACION

Relacións Internacionais Paradiplomacia Observatorio de la Política China

### Date Created

Xullo 28, 2024

### Meta Fields

Autoria : 3782